

PAGO DE TAXAS DE FORMA TELEMÁTICA

Hai dúas posibilidades de realizar o pago de forma telemática:

OPCIÓN 1: A través da Plataforma Abalar (Abalar Web)

Para poder acceder a este servizo electrónico, deberase acceder a través dun navegador WEB e hai que dispoñer da **CHAVE365**, **DNI electrónico** ou dun **CERTIFICADO DIXITAL** da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

O acceso efectúase a través deste enderezo,

<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

premando no botón “**ACCESO AOS SERVIZOS**”.

[Nesta ligazón](#) pódese acceder a un vídeo da Consellería de Educación explicando o proceso.

A APP móbil, de momento, non dispón desta funcionalidade.

Se se realiza o pago a través desta opción, non habería que entregar nada no centro.

OPCIÓN 2: ATRIGA - Pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda

O acceso a esta modalidade de pago faise **sen necesidade de ningún certificado dixital nin DNI electrónico**, de xeito telemático, copiando os datos que figuran na carta de pago que se proporciona cada mes.

A dirección de acceso á plataforma de pago é:

<https://ovt.atriga.gal>


Para empregar a aplicación **ATRIGA** da Consellería de Facenda, habería que activar a opción do navegador Chrome ou Mozilla **Permitir POP-UPS ou ventás emerxentes**.

O pago da taxa efectuase como segue :




CPI PECALAMA

1. Oficina Virtual Tributaria / CIDADÁNS




2. Pago Telemático de Taxas e Prezos
3. Iniciar TAXA / Acceso LIBRE á taxa




4. Iniciar tramitación electrónica



5. Introducir os datos da taxa (recollidos na carta de pago)




6. Introducir datos identificativos do pagador.



7. PAGO TELEMÁTICO



8. Pago telemático por TPV con tarxeta de calquer entidade bancaria.



Novidades

Novo sistema de pagos por TPV terminal punto de venta virtual

Novo sistema de terminal punto de venta (TPV) virtual que permite realizar o pago nas condicións do comercio electrónico seguro a través da oficina virtual tributaria da Atriga, das autoliquidacións de tributos cedidos, liquidacións notificadas, multas, sancións, taxa fiscal sobre xogo en casinos e as taxas e prezos públicos xestionadas por esta que, conforme a normativa vixente, poida ser efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito de calquera entidade bancaria.

Dende setembro 2021, xa non está limitado o pago en ATRIGA ás tarxetas bancarias emitidas polas entidades Abanca, CaixaRural, CaixaBank ou EvoBank. Agora pódense empregar tarxetas bancarias de calquera outra entidade bancaria.